

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE ABRIL DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1764/2016.- ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para executar as obras de reparación parcial de cuberta dun inmovible sito na Praza da Inmaculada nº 5 – Seminario Maior.

LIC/2181/2010.- PURIFICACIÓN SEXTO SALVADO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para construción dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa do Castiñeiriño nº 41.

LIC/1787/2016.- SANTIAGO SUR GALICIA, S. L.- Conceder licenza para construción dun edificio de 25 vivendas + 25 oficinas en Travesía da Poza nº 12-16.

LIC/1814/2016.- JAVIER ENRIQUE RODRIGUEZ VÁZQUEZ.- Conceder licenza para executar as obras de reforma de cuberta dunha vivenda en rúa do Combarro nº 34.

LIC/813/2008.- MANUEL ESPASANDIN PEREIRO.- Conceder licenza para reforma de estrutura e cerramento de fachadas con relación ao proxecto licenzado de rehabilitación dun edificio para vivenda unifamiliar en Barrio de Guadalupe nº 4.

DESFAVORABLES.-

LIC/1672/2013.- MARÍA CARMEN REY BARCIA.- Denegar a licenza para a legalización da construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Ponte-Grixa nº 23.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reparación parcial de cuberta dun inmovible sito na Praza da Inmaculada, nº 5-Seminario Maior. LIC/1764/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para construción dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa do Castiñeiriño, 41. LIC/2181/2010. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para construción dun edificio de 25 vivendas + 25 oficinas en Travesía da Poza, 12-16. LIC/1787/2016. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma de cuberta dunha vivenda en rúa do Combarro, 34. LIC/1814/2016. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para reforma de estrutura e cerramento de fachadas con relación ao proxecto licenzado de rehabilitación dun edificio para vivenda unifamiliar en Barrio de Guadalupe, 4. LIC/813/2008. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á denegación de licenza para a legalización da construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Ponte-Grixa, 23. LIC/1672/2013. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á nova concesión de uso das hortas municipais de Fontiñas-Cotaredo. Revóganse as autorizacións de uso das hortas municipais de Fontiñas-Cotaredo, e establécese como prazo para formular as solicitudes de nova concesión desde o 2 ao 30 de maio, ambos incluídos.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao contrato xeral do servizo de saneamento e depuración de augas. Acórdase incorporar ao inventario de instalacións que integran o contrato coa empresa Víaqua o colector interceptor xeral do río Sar entre San Lázaro e a actual EDAR da Silvouta. A incorporación non supón incremento do prezo do contrato xeral.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao inicio dun expediente por execución defectuosa e demora no contrato de subministro de "Instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de Nadal 2016." Acórdase iniciar o expediente, dando audiencia ao contratista por un prazo de 15 días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan pola realización defectuosa do obxecto do contrato e o incumprimento do compromiso de adicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao inicio dun expediente por incumprimento de prazo de execución do contrato das obras de construción dun Centro Cívico no Romáño-Vista Alegre, incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013. Acórdase iniciar un expediente por incumprimento do prazo de execución do contrato, dando audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan polo atraso acumulado na execución dos traballos.

12.- Recoñecemento extraxudicial de créditos en concepto de indemnizacións por dietas por asistencia a procesos selectivos. Apróbase a proposta.

13.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 3 da rúa Galeras, nº 28-baixo, destinado a oficinas municipais de Catastro e Censo. Acórdase prorrogar o contrato de aluguer polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de maio de 2017 ao 30 de abril de 2018. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 824,33 euros, IVE incluído.

14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á adxudicación do contrato de "Subscrición póliza de seguro de risco colectivo de accidentes dos empregados municipais do Concello de Santiago de Compostela". Adxudícase o contrato de referencia á empresa Markel Internacional Insurance Company por un importe de 9.504,69 euros/ano exento de IVE.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente das obras de ampliación viario Cañoteira-Outeiro de Marrozos 1ª fase (PAS-OBRASSUM/2015); gasto e apertura do procedemento. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación da obra mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 314.917,16 euros, máis IVE de 66.132,60 euros.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á ampliación do prazo do contrato de "Reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas - POS ADICIONAL 1/2015". Acórdase ampliar o prazo de execución das obras, polo que a data de finalización dos traballos será o 15 de maio de 2017.

17.- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do contrato de "Mantemento do módulo AYTOSFACTUR@ da xestión contable e orzamentaria SICALWIN subministrada pola empresa AYTOS SOLUCIONES." Adxudícase o mantemento do módulo á empresa AYTOS Soluciones Informáticas SLU por un importe de 2.800 euros/ano, máis IVE de 588 euros/ano-

18.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación da xustificación e pagamento de subvencións ás asociacións de veciños. Apróbase a proposta.

19.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza do contrato de "Subministro e instalación dos materiais necesarios para a mellora das condicións de seguridade do tráfico no paso de peóns do Instituto Rosalía de Castro e na Avenida do Camiño Francés. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao recurso de reposición interposto pola empresa Petrolam A Veiga SL, en relación ao expediente incoado polo incumprimento do contrato de Obras para a mellora de mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre FASE II. Desestímase o recurso.

2.-Proposta da concelleira delegada de Deportes, Mocidade e Benestar Animal relativa á aprobación da programación e actividades resultantes dos orzamentos participativos, e dar conta da realización da actividade “Tamén é machismo”. Dase conta da actividade Tamén é machismo, aprobada o día 8 de marzo con importe de 726,67 euros. Apróbase a programación de actividades dos orzamentos participativos a desenvolver desde xullo a decembro do presente ano, cun gasto total que ascende a 99.273,33 euros.

3.-Proposta de alcaldía relativa á programación das festas da Ascensión. Apróbase a memoria xeral de actividades da programación da Ascensión 2017, así como o orzamento aproximado de 213.807,5 euros.

4.-Proposta de alcaldía relativa á concesión da transferencia corrente á Fundación Eugenio Granell, correspondente a 2017. Apróbase o texto do convenio coa Fundación Eugenio Granell e a transferencia corrente por importe de 135.000 euros.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á liquidación do programa de conciliación de Nadal 2016. Apróbase a liquidación do programa, que ten un saldo positivo de 13.043,52 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Deportes, Mocidade e Benestar Animal relativa á prórroga do contrato para a prestación do servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais. Acórdase a prórroga do contrato asinado coa empresa Lacera Servicios y Mantenimientos polo prazo de catro meses, a contar desde o 1 de maio ata o 31 de agosto de 2017- O gasto ascende a 153.172,84 euros.